


CIENCIAS NATURAIS 4º: AS CADEAS ALIMENTARIAS



Todas las interacciones y relaciones de los seres vivos son los Factores bióticos

Para a ficha de hoxe de ciencias naturais nós propoñemos que repasesdes os seres vivos e as cadeas alimentarias. Como sempre, podedes imprimir a ficha ou facer as actividades seguintes na vosa libreta:

1. Quen son os seres vivos produtores? Polo que ves na imaxe, de que outro xeito se chaman?
2. Quen son os seres vivos consumidores? Fíxate na imaxe, de que outro xeito se chaman?
3. Fíxate, quen son os consumidores primarios? Quen son os secundarios?
4. Lembras como se chamaban tamén os animais descompoñedores? Por que se chaman así?
5. Coloca os seguintes animais no seu lugar correspondente da táboa:

Grilo, rato, crocodilo, piraña, tartaruga, voitre, vaca, ser humano, león, raposo e coello.

HERBÍVOROS	CARNÍVOROS	OMNÍVOROS

6. INVESTIGA E ESCRIBE:

***Nas relacións que manteñen nos ecosistemas uns animais con outros, como pode axudar un pequeno paxaro a un hipopótamo grande ?**

E, como pode axudar unha planta a un peixe?